



FICHA RESUME

PE 410A 2008/6-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE PORTONOVO
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS
Réxime ⁽²⁾	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
Modalidade ⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Lumbrineris impatiens</i>
Ambito do plan	Praias Fagilda, Pragueira, Básucas, Montalvo e Canelas
Subzonas de explotación	Zona I: praia Fagilda (ou Pociñas) Zona II: praia de Prageira Zona III: praia de Básucas Zona IV: praia de Montalvo Zona V: praia Canelas

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
2		
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		116										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : de 16 de marzo a 30 de outubro.												
Modalidade ⁽³⁾ : A PÉ												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X	X		

Especies	A pé (exemplares/mariscadora/día)
<i>Lumbrineris impatiens</i>	500

Artes a empregar	Sacho, pá e forquita.
------------------	-----------------------

Puntos de control	Lonxa de Portonovo
-------------------	--------------------

Puntos de venda	Centro de venda autorizado
-----------------	----------------------------

Outras consideracións ⁽⁹⁾	Se a explotación pretende efectuarse mediante marisqueo a pé, e dado que non se presentan participantes coa habilitación correspóndete (permiso de explotación), as persoas que pretendan realizar a extracción de poliquetos na modalidade de a pé deberán estar en posesión dun
--------------------------------------	--



permiso de explotación para poliquetos. A selección para ter acceso ao permiso de explotación para poliquetos sería realizada pola Delegación Territorial, mediante un proceso público de selección no que se realiza unha baremación entre os candidatos presentados, e que cumpran os requisitos mínimos establecidos no artigo 17 do Decreto 425/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, e disposicións que o desenvolven.

A selección dos participantes realizarase aplicando a Resolución do 26.12.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifican os baremos aplicables para o acceso ao permiso de explotación para marisqueo a pé e para o permiso de explotación a pé para recursos específicos.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.